

DESCRICIÓN DA PROBA PRÁCTICA

1. A proba práctica desenvolverase en dúas partes, cada parte terá unha duración máxima de 10 minutos. Advírtese aos opositores que o tempo no desenvolvemento destas probas tamén puntúa, polo que cada aspirante deberá comunicar ao tribunal o momento de remate das mesmas.
2. A puntuación máxima para cada unha das partes das que se compón esta proba practica, é de 0 a 15 puntos.
3. A proba práctica total cualificarase de 0 a 30 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de quince (15) puntos no conxunto das dúas partes, correspondendo ao tribunal determinar cal é o número de coñecementos necesarios para alcanzar dita puntuación.
4. Advírtese aos opositores que non se admitirán preguntas durante o desenvolvemento de cada unha das partes desta proba práctica, polo que calquera tipo de dúbida deberá ser resolta previo ao inicio das mesmas.

PRIMEIRA PARTE. Cunha puntuación de 0 a 15 puntos.

Consiste en montar unha carga de fío de desbroce en un Autocut dunha desbrozadora.

O Autocut onde se vai montar o fío, está desmontado tendo que quedar montado correctamente para o seu uso en dita desbrozadora.

En canto á carga de fío, debe collerse a lonxitude precisa para que quede o cabezal o máis cheo posible. Unha vez que se remate esta proba, avisarase ao tribunal para que deteña o tempo.

O tribunal comprobará despois da proba que todo estea ben montado para o seu correcto funcionamento.

SEGUNDA PARTE. Cunha puntuación de 0 a 15 puntos.

A segunda parte consistirá en facer un caldeiro de morteiro de cemento coa dosificación de 1:4.

O aspirante ten o material e as ferramentas precisas para facelo. O morteiro é para empregar nun tabique de ladrillo polo que a proporción de auga debe ser a adecuada. Unha vez que se remate esta proba, avisarase ao tribunal para que deteña o tempo.

O tribunal comprobará despois da proba que a mestura sexa homoxénea e a cantidade de auga correcta.

En Brión, 18 de outubro de 2022.

